



25 de novembro
Proposta de actividades para Primaria

É imprescindible que todos os traballos se fagan en grupos de 4/6 nenas e nenos dándolles tempo suficiente para que as accións que teñen que presentar cada un deles se faga de xeito consensuado despois da súa posta en común.

ACTIVIDADE 1:

Cada grupo debuxará unha viñeta a xeito de cómic nun mural feito sobre papel de estraza sobre *cousas que fan que as nenas e nenos se sintan ben*, por exemplo, facer xuntos un pastel de chocolate. O 24 de novembro no recreo todos os murais serán expostos no patio cuberto do centro.

ACTIVIDADE 2:

Cada grupo elaborará unha frase que recolla unha acción contraria e en positivo fronte a accións violentas. Nós podemos dicirlles a acción violenta, por exemplo:

- Se ti me levantas a man eu/nós... pídoche/pedímosche que penses no que fas.
- Se ti me empurras eu/nós...

Estas frases quedarían recollidas nunha cartolina que se penduraría na clase co fin de seren actitudes a seguir durante o curso.

ACTIVIDADE 3:

Elaborar dez accións por grupo, a xeito de principios contra o comportamento violento, que se porían en común na clase e, naqueles casos nos que se repita o contido, escolleríase a que parece máis adecuada a todo o grupo.

Exemplo:

- Falar do que nos molesta axuda a que nos comprendan

Estes principios quedarían recollidos nunha cartolina que se poñería na clase co fin de se convertiren en actitudes a seguir durante o curso.